


# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº67/ Ano: 2023 / 2º xornal Mes de maio / Estado Primavera


Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



**DÍA DAS LETRAS E ONS**  
Ou do Parque en xeral. Sería unha boa actividade para crear iniciativas e animar a investigar. **Páx. 1**



**COUSAS PENDENTES A REALIZAR**  
Houbo moitas promesas no mes de xullo do 2022, agora hai que levalas a cabo. **Páx. 1**



**1'6 MILLÓNS DE EUROS. IMPORTANTE INVESTIMENTO NA ILLA**  
Aínda que non o pareza, hai moito onde investir, pero, ollo!!! Sen esquecerse dos aunienses. **Páx. 2**



**PROBLEMÁTICA DO LIXO NA ILLA**  
Xa vén dende moi atrás e é necesario que dunha vez por todas se arranxe. Tamén moi necesaria unha política de Educación Ambiental. **Páx. 3**



## UN INDIXENTE FOTOGRAFÁSE COS INCHAS DE BUEU

Non, non é o da foto, é outro que se lles achegou nun Loureiro madrileño **Páx 3**



**COLECCIÓN DE CUNCHAS**  
A colección malacolóxica de Tinón podía estar no C. Visitantes de Ons. **Páx. 4**



## ZARAUZA

Busca actores de prestixio para a súa nova película sobre Ons. Entre eles Pepe de Miro, Carrillo e Tinón teñen todos os puntos necesarios. A ver que pasa. **Páx. 5**

## NOVO LIBRO

Onde a escola de Ons está presente. **Páx. 4**



**CHEO, NA PRESENTACIÓN DE AUNIOS 28**  
Anima a seguir traballando. Grazas. **Páx. 6**

A escola pública en Bueu

Ensinno Primario



Arturo Sánchez Cidras

## Breves:

-Ons na Memoria. San Xoán. **Páx. 4**  
-Novas plantacións. **Páx. 7**








## DÍA DO LIBRO DE ONS ou DÍA DAS LETRAS DE ONS

O día do libro xa pasou e o das letras galegas, tamén. Que pena que dende Parques, o seu “técnico/a cultural”, non tivera a ben, un ano máis, coller a idea que propuxen no seu día, de buscar, coincidindo co Día do Libro, das Letras Galegas ou calquera outro que consideraran, e crearan o *Día dos Libros do Parque* na primavera e, no verán, sobre todo nas illas Cíes e Ons, nos seus correspondentes Centros de Visitantes, fixeran unha Exposición con todos os libros que sobre esa Illa hai editados. Tamén poderían estar representados traballos específicos sobre algunha das características insulares que pola súa importancia ían a interesar e que o Parque, supoño, ten arquivados.

Parto da base de que o “técnico/a cultural” do Parque, ten perfectamente clasificados todos os libros, revistas, traballos, vídeos,..., que ao longo do tempo se realizaron e que están custodiados na Biblioteca do Centro Cambón de Vigo. Quizais moito dese material sexa descoñecido para os estudosos que queren penetrar no mundo da investigación sobre as illas do Parque Nacional e nas súas importantes peculiaridades, por iso, que cada certo tempo se faga unha macroexposición na sede central do Parque e, posteriormente, nos Centros das illas respectivas, podería, a carón de dar unha interesante información, motivar a persoas cualificadas para internarse no mundo da investigación sobre as diferentes especialidades que ofrecen estas illas.

Animo ao “técnico/a cultural” e aos xestores do Parque a que collan esta idea, que considero moi interesante, e dar a coñecer, saíndo a luz dos seus lugares de descanso, neste caso concreto, o material bibliográfico que deberían posuír, acumulado nestes 21 anos de Parque Nacional.




### ALGUNHAS COUSAS PENDENTES (11/05/2023)

No mes de decembro do 2022, na reunión do (Organismo Fantasma) Padroado, expuxéronse aos alí presentes (entre os que se atopaba un representante veciñal e un do concello de Bueu) unha serie de actuacións que se ían levar a cabo en Ons no 2023 para paliar as problemáticas xurdidas durante o 2022, e que algunhas xa levaban anos sen buscárselle solución.

Nesa reunión e dende o Parque, comunicaron que estaba previsto a construción de dous novos **DEPÓSITOS** de auga para dar servizo ás vivendas da Illa e que, durante 2023 e 2024, todo o **TENDIDO ELÉCTRICO** estaría soterrado. Tamén que parte dos fondos Next Generation, destinaríanse á ampliación da **DEPURADORA**.

Á vez, comprometida pola Axencia Galega de Turismo, íanse a realizar unha **serie de actuacións**, que daquela non quedaron especificadas de todo, e que se desenvolverían nos arredores do barrio de Curro.

Se a isto engadimos as promesas de poñer en valor o **Xacemento Arqueolóxico** de Canexol, a mellor preparación e ampliación da **Sala Etnográfica** do Centro de Visitantes e que no 2023 teríamos en Ons un **Campo de Traballo**, agora chamado do Voluntariado, coas mesma quendas que na Cíes para que Ons non quedara discriminada, estamos a falar de importantes actuacións. Que se fixo ata agora?



Depuradoras, importante unha revisión xeral e de non ser posible o seu arranxo cambio por unha/s novas.



Feito o soterramento dos tubos que levarán o novo tendido ata Pereiró dende Curro, poñelo xa en funcionamento.



Espazo da zona das casetas que será modificado pola Axencia de Turismo.



## INVESTIRASE 1'6 MILLÓNS DE EUROS EN ONS POLA AXENCIA DE TURISMO

Hai uns días puiden botar un ollo ao Proxecto de acondicionamento, na súa maioría, na zona de Curro. En liñas xerais considéroo aceptable, aínda que está máis dirixido a aspectos turísticos que á propia veciñanza, aínda que esta tamén se ve favorecida.

*(Envíei ao Parque unhas suxestións sobre este Proxecto, non sen antes encabezala con esta Premisa que considero imprescindible para unha Illa Habitada)*

As oito actuacións a desenvolver, van, ou así parece ser, encamiñadas a que o barrio de Curro teña un aspecto máis útil e uniforme, favorecendo os accesos, a súa viabilidade, a súa paisaxe,..., e ver se se arranxan dunha vez por todas, os camiños máis transitados da illa, buscando solucións duradeiras.

Coido que é unha boa inversión, refírome en cartos, e é unha pena que un mínimo non se empregue, na mesma zona, a dar un pequeno aumento, en espazo útil no Centro de Visitantes, para albergar exposicións de volume (dorna, carro, tapadeira Laxe,...), como xa teño explicado en varias ocasións neste minixornal, no 30 páx. 2 e no 51 páx. 6: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/30/onstopus-30.pdf> <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/51/onstopus-51-portada.gif>

O problema é que esas melloras non as veremos ata o ano que vén pois, aínda que a promesa dos investimentos xurdiu na visita do Presidente da Xunta a Ons hai un ano, aínda a estas alturas, están á procura dunha empresa que as realice. Ogallá escollan ben e non haxa, en poucos anos, que andar a parchear o realizado. PARABÉNS.

## Primeiro quero partir dunha premisa imprescindible:

A Illa de Ons é, das catro que compoñen o Parque Nacional, a única habitada dende hai máis de 200 anos por unha comunidade veciñal que, con pequenos altibaixos de habitabilidade ao longo do tempo, nunca a abandonou.

Esta circunstancia ten que primar á hora de calquera intervención da administración que a xestiona, informando e contando cos veciños para levar a cabo actuacións nela pois, lexítimamente nestes intreos, por imperativo legal, son concesionarios cos seus dereitos e as súas obrigas.

É por esa circunstancia que a preocupación da administración xestora debería ser que os veciños da Illa teñan en bo funcionamento os servizos básicos imprescindibles para levar unha vida digna, como son: A luz, auga, saneamento e camiños. Á vez en épocas anuais que a poboación veciñal aumenta, tamén contar cun servizo médico adecuado e recollida de lixo por reciclaxe. E, se se dera o caso dunha habitabilidade anual moito máis ampla dunha maioría de veciños, estudar puntualmente o tema por se fixera falla un servizo escolar, transporte marítimo diario ou semanal, axuda á agricultura e pesca,...

Polo dito, coido que a preocupación maior da administración xestora debería ser, a carón do coidado medio ambiental da Illa e a atención á biodiversidade, o **BENESTAR VECIÑAL**. Logo, se as circunstancias económicas permíteno, contribuír á promoción dun Turismo sostible e consciente de que a visita é a un Parque Nacional cunhas características únicas: sociais, históricas, etnográficas e naturais que hai que coñecer, coidar e protexer.

Calquera actuación que se realice en Ons sen transparencia e sen contar cos veciños, demostra unha falla de sensibilidade e un autoritarismo que en nada beneficia ao Parque Nacional e deixa nun mal lugar aos seus xestores.



*Poñer en funcionamento todos os lavadoiros da illa e con auga potable, sería tamén unha actuación interesante a realizar.*

*Reparar de xeito definitivo camiños moi transitados, como este que une Curro co camiño do Faro preto de Chan da Pólvora.*



*Unha maior preocupación polo patrimonio material, etnográfico, animando aos veciños á súa reparación e conservación, informándoos e axudándoos coas subvencións ás que poden optar.*



*Axudas á agricultura a todos os veciños que decidan traballar as súas terras e quedar alí todo o ano ou gran parte del, rebaixa de impostos ás terras que queiran cultivar, axuda para maquinaria,...*

*Informar e axudar a solicitálas, as subvencións contra o "feísmo". Animar ao uso da pedra autóctona para reformar edificacións anexas de bloques.*

*Importante a parte enerxética. Dende o Parque deberían buscar solución a este tema e que os veciños sexan informados para ver os posibles recursos existentes e poder levarlos a cabo. Na Illa necesítase moita información.*







### E ESE, QUEN VÉN SENDO?

Seica que Josecho e Manolito achegáronse ata o Santiago Bernabeu a ver o Real Madrid-Manchester City. Pois resulta que nun furancho madrileño, atopan a un colega, que despois de pedirilles un par de moedas para un bocata, empeñouse en facerse unha foto con eles. Pois aí os tendes!!!



### PEPE DE MIRO

Quen llo ía dicir ao noso auniense Pepe, que un día saíndo de pesca e nas proximidades de Ons, ía a atoparse cun robalo, que se o puxera en vertical, ía a ser tan alto como el. Sei que serviu para unha boa papadela unido a uns magnun de Ramón Bilbao. Bo proveito compañeiros.

### A PROBLEMÁTICA DO LIXO NA ILLA

Dende que a finais dos 79 s.XX a administración se fixo cargo da Illa, o lixo sempre representou un problema que, incrivelmente, non foron quen de buscarlle solucións axeitadas dende aquela.


No mes de xaneiro deste ano, deron a nova de que “Ascan”, unha empresa cántabra vaixe facer cargo da recollida do lixo en Ons.

Aparte do tema económico, esta empresa comprométese, nas cláusulas do contrato: A varias limpezas anuais dos camiños que levan cara ás casas aunienses. Iniciar campañas de sensibilización cos veciños para reciclaxe e xestión. Importantísimo (Pineiróns lévao pedindo dende hai anos) realizar unhas charlas divulgativas aos veciños e hostaleiros para o tema da separación de residuos. Tamén reparto de bolsas aos veciños para levar a cabo a recollida selectiva. Traslado dos residuos a Bueu...

PARABÉNS para Parques, sempre e cando, todo funcione como é debido.



*Problemas a prever intentando buscar e axustar ben as horas de recollida de lixo. Evitar que os contedores queden cheos pola noite.*



### IDEAS PARA UNHA EDUCACIÓN AMBIENTAL

**Recollida de lixo:** Debería haber tres contedores por casa: un para orgánicos, outro para vidro e un terceiro, quizais por grupos de casas, para aceites.

**Luz:** Tratar o tema de aforro enerxético. Evitar luces prendidas se non se está na casa. Evitar contaminación lumínica. Buscar alternativas ao gasóleo. ...

**Auga:** A illa é deficitaria. Aforrar uso de auga nos labores de casa. Regos ás horas adecuadas. ...


**Emprego de produtos de limpeza:** Importante que dende a Consellería, que supoño teñen estudos feitos ao respecto, informen de que tipo de deterxentes, lavavaixelas, xabóns, ..., e outros produtos de uso cotiá nas casas, son os adecuados para evitar que as fosas sépticas e depuradoras se carguen de material inadecuado e que, en caso de fuga, poda causar algún tipo de contaminación acuífera.

**Aceites de bares e restaurantes:** Que estes dispoñan de material adecuado para gardar e entregar posteriormente ao servizo de limpeza.

...

En definitiva, Parques debería dar unha pequenas charlas aos veciños para informar sobre o uso ecolóxico de materiais de limpeza, da luz e a auga, sobre reciclaxe e a conveniencia dunha boa Educación Ambiental.





Estes días de mediados de maio viron a luz dous traballos. Un é o libro, presentado o Día das Letras Galegas en Bueu, de Arturo Sánchez Cidrás sobre a “Escola Pública en Bueu” que dedica á escola da Illa de Ons 19 páxinas. Traballo de investigación moi interesante. Na revista A Trabe de Ouro, temos un artigo titulado “José Manuel Dopazo e o Patrimonio Lingüístico e Cultural da Illa de Ons”, de Francisco Fernández Rei onde fai un percorrido polo magnífico traballo de investigación sobre a fala de Ons que está a levar o bueués José Manuel Dopazo Entenza.

**ONS NA MEMORIA**  
**CELEBRANDO O SAN XOÁN**  
 Era a Noite de San Xoán. Pola tarde acompañáramos á familia de Manolo Reiriz á procura das herbas e xa quedaran ben gardadas ao serán. Era principios dos anos 80 s.XX e viñan de inaugurar o Bar-Restaurante “O que Faltaba”. Alí, á noite, xuntáronse varias familias aunienses para tomar unhas sardiñas e fomos invitados. Aquí tendes a foto, na que podemos ver: a Gloria asando, Aurita coa Caixa de sardiñas, á familia de Manolo o Terco e á do seu irmán Juan, aos pais de Gloria, ... Despois houbo cantarela cunhas interesantes regueifas estre Gloria e o seu cuñado Manolo Reiriz. Unha bonita Festa.




**ONS MALACOLÓXICA**  
 Cando, por fin, decidiron montar en Ons o Centro de Visitantes, non dubidei en poñer a disposición do Parque, o meu pequeno museo marítimo de aparellos de pesca de Ons. Tamén unha interesante colección de cunchas de Ons e outras que os aunienses, que andaban embarcados á altura, traíanme, pero os vascos que montaron o Centro non a consideraron importante e iso que a doaba con andel e perfectamente clasificadas. Hoxe doada ao Museo da Salga do Grove. **Páx. 4**



## ZARAUZA director da película “Ons”

Esta Semana Santa, despois de case un curso en Pontareas, decidimos cambiar de aires e pasamos eses días en Fuerteventura, pero ao chegar, día 8 de abril, non me faltou máis tempo para achegarme ata Ons o domingo 9, aínda que só fora para pisala, ver aos amigos e tomar unha caldeirada de polbo.

Alí coincidimos co Director de Cine “Zarauza” que, como sabedes, dirixiu a película <Ons> filmada integramente na Illa e gañadora dun bo número de premios Mestre Mateo.



## PELÍCULA <ONS> - E UNHA SOBRE ONS?

Cando, na primavera-verán da súa estrea, tiven a oportunidade de coñecer en Ons a Zarauza e charlar con el, comenteille a miña primeira impresión sobre a película, poñendo de antemán que eu non era nada cinéfilo e que os meus coñecementos técnicos sobre cine son nulos.

Díxennle que eu, como moitos, iamos coa idea de ver unha película onde Ons sairía en todo o seu esplendor: luz, color, paisaxe, costumes, personaxes,..., e ata coidabamos que o argumento tamén tería que ver coa Illa.

Eu levei unha enorme sorpresa, por non dicir decepción, pois non vin reflectida a Ons que eu esperaba: moi escura, pouca paisaxe, os aunienses non aparecían,..., o argumento non falaba de Ons,...

Aínda así, pois, que imos dicir, era unha película rodada integramente na Illa, o Director, ao igual que actores actrices e demais persoal técnico, tivo unha gran relación e harmonía cos aunienses,..., o que é todo positivo.

Cando, despois, recibe un mundo de nomeamentos e premios, decidín vela de novo, pero esquecéndome de Ons e coñecendo un pouco o argumento. A miña visión cambiou totalmente, pareime máis no que quería mostrarnos e paseniñamente, acabou gustándome. Reparei en que “Ons” era só o título e o lugar onde transcorría a acción.


Na presentación dunha exposición de Paula Ballesteros “Ons Soa” no Museo do Pobo Galego, asistín a unha charla sobre Ons onde falaban, a carón de Paula, Zarauza e Roberto Castiñeiras guía do Parque Nacional. Nese coloquio quedei abraiado do coñecemento que tiña Zarauza sobre a comunidade auniense e o seu compromiso social con ela, o que me animou a ver o xeito de presentarlle a idea dunha película sobre Ons, onde a Illa acade o protagonismo que non acadou na anterior.

Penso que en tres libros, con interesantes historias ficticias con algo de realidade, pódese quitar un argumento interesante para poder ser levado ao cine. Falo de:

- “O Faro de CorazONS” de Manuel Felpeto  
<http://buei.esv.es/Revistas/Onstopus/04/Onstopus-04.pdf>
- “Ons” de Carlos Meixide.  
<http://buei.esv.es/Revistas/Onstopus/22/onstopus-22.pdf>
- “As Illas dos Deuses” de Serafín Parcero  
<http://buei.esv.es/Revistas/Onstopus/24/onstopus-24.pdf>

Tres libros con interesantes historias sobre Ons que poden ser levadas ao cine, cun argumento atraínte e onde a Illa pode saír en toda a súa grandiosidade.

Animo a Zarauza a que lea os libros. Estou seguro que lle van a encantar as historias e só terá que poñelo nas mans dun bo/a guionista para sacar adiante unha excelente película, onde Ons sexa parte do argumento e da paisaxe.





# PRESENTACIÓN DA REVISTA **AUNIOS Nº 28**



## **AUNIOS Nº 28**

O día 12 de maio presentouse en O Grove o nº 28 da revista cultural AUNIOS. Na mesa estaban o presidente e o secretario de Pineiróns Tino Pardellas e Pepe Taboada e, como presentador da revista o meco Jacobo Fernández, responsable de Insuñia ata a súa xubilación.


Comezou o acto falando o Presidente de Pineiróns (Tinón) facendo un percorrido polos 25 anos de historia da Asociación, dando a coñecer os obxectivos e as actividades realizadas e anunciando un pequeno recorte na cantidade de páxinas da revista Aunios para os seguintes números. Por último agradeceu a todos os colaboradores que cos seus artigos fixeron posible que Aunios sexa unha revista de referencia a nivel cultural, tamén ás casas comerciais o apoio económico á revista a modo de doazón, aos organismos oficiais (Deputación, Cultura, Concellos,...) pola axuda económica e de material durante estes 25 anos e, en especial, ao Concello de O Grove que sen a súa Axuda sería moi difícil sacar adiante esta humilde angueira cultural, que é AUNIOS.

A continuación Pepe Taboada deu a coñecer ao presentador da revista, Jacobo Fernández, alma mater de Insuñia (industria de cría de rodaballo) e que entre o seu importante currículo está o ser o Primeiro Director de Investigación do Pescanova Biomarine Center, Coordinador de Cultivando o Mar, Socio da Sociedade de Foros dos Recursos Mariños de Galicia,...

Xa por último Jacobo Fernández fixo un repaso a todos os artigos da revista dun xeito moi especial, xa que, despois de falar un pouco sobre cada traballo, deixaba no aire unha pregunta que obrigaba aos alí presentes a quedar coa intriga da súa contestación, que só se podía facer, loxicamente, lendo o artigo.

O acto resultou moi entretido, houbo unha boa afluencia de público á presentación tendo en conta que ese mesmo día e á mesma hora había outros eventos culturais e políticos na vila meca.

A partires do sábado 13, comezou a distribución da revista que, como xa coñecedes, chega por correo postal a todas as bibliotecas, museos, arquivos, centros de ensino,...., máis importantes de Galicia.



## **VIAJEROS 4** *Gravación no Día das Letras Galegas*

A Illa de Ons segue de moda e as diferentes televisións estatais, ao igual que a galega, queren gravar ese paraíso que forma parte do único Parque Nacional galego. Sería interesante que todas esas gravacións influíran no senso de que os viaxeiros que queiran coñecela, veñan a Ons, non só polas súas praias e augas transparentes, senón pola súa historia, arqueoloxía, paisaxe natural, por coñecer unha comunidade única,...., ese ten que ser o obxectivo e o que hai que potenciar.



## NOVAS SUBVENCIÓNS

### ONDE ESTÁN OS PARTIDOS POLÍTICOS QUE SE PRESENTAN POR BUEU

O día 9 de maio saíron de novo no DOGA a convocatoria de Axudas para o Parque Nacional.

**ORDE do 26 de abril de 2023 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, para o ano 2023 (código de procedemento MT821A).**

Este é un bo momento para, contando con estas novas axudas, os aunienses tenten buscar o xeito de independizarse enerxéticamente. Só necesitan asesoramento, que lles axuden a buscar as mellores alternativas e a solicitálas e, á vez favorecer o medio ambiente e a sustentabilidade.

Pero os Partidos que se presentan ás próximas municipais **non** se interesan por eles, xa dan a Ons como perdida, é un reduto da Consellería, onde eles non teñen nada que facer, disque **NON TEÑEN COMPETENCIAS**, e deixan a Ons abandonada. **Aí, se o voto auniense levantara a cabeza!!!** Pero, cando algún veciño che di que á veciñanza, á hora de votar, lle interesa máis os temas de Bueu que os da súa Illa, un queda desarborado, como si Ons só fora un Sentimento de verán. E **NON**, sei que non é así, aos aunienses tíralles a terra que veu nacer e morrer á súa familia e por ela deberían loitar, esixindo aos políticos que dunha vez por todas, poñan claro o tema das **Competencias**, e quen teña as da Illa e contando e dialogando cos veciños, poñan as súas raíces sobre a mesa e que Ons sexa parte do municipio de Bueu con todas as súas consecuencias.



**Ons queda desarborada, tamén polos políticos de Bueu. Ningún leva no seu programa un mínimo intento de facer algo por esta Illa. Que desastre!!!**



## DESAPARECEN OS EUCALIPTOS DE ONS

Con esta corta masiva na zona de Melide, case podemos dicir que o eucalipto e a acacia, son árbores desaparecidas da Illa. Tanto é así, que algún grupo ecoloxista, propuxo que, nunha maceta, se planten dous exemplares de cada un e se expoñan no Centro de Visitantes.



## NOVAS PLANTACIÓNS

Pero, por fin, algo positivo, parece que comeza a reforestación con diferentes árbores, dende froiteiras a autóctonas como o carballo, o castiñeiro e o loureiro. Agora si, necesitan coidados continuos.